



**M. Ferreiro / C. P. Martínez Pereiro / L. Tato Fontaiña (eds.):
A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza. A Coruña, Baía
Edicións, 2008, 212 páxinas**

En xuño do ano 2006 celebrouse na Illa de San Simón o *I Coloquio sobre Crítica Textual*. “*A Edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*”, organizado por Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña, integrantes do *Grupo Universitario de Investigación de Lingüística Histórica e de Ecdótica (GUILHADE)* da Universidade da Coruña. Poucas veces un coloquio destas características obtivo tan grandes resultados, pois como froito das sesións de traballo transcorridas na Illa de San Simón, e dos posteriores encontros, apareceron dous volumes que en liñas xerais debemos ponderar polo seu incuestionábel rigor científico, polo tratamento de temas de grande interese para o avance do coñecemento e dos estudos sobre a lírica trobadoresca galego-portuguesa, así como polo espírito de consenso que en todo momento guiou aos doce investigadores da nosa lírica medieval, pertencentes ás tres universidades galegas, que participaron nos anteditos encontros e nas posteriores publicacións.

A primeira das obras a que vimos de facer referencia son as *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*, un pequeno mais relevante volume saído do prelo xa no ano 2007 (atópase tamén dispoñíbel en <http://www.udc.es/publicaciones/ga/libreriaDixital.htm>), e que contén as tan agardadas normas para a edición da nosa lírica trobadoresca, baseadas nas seguintes premisas:

Por un lado, os principios básicos que as nordean, no camiño dunha equilibrada e convencional regularización, alicérganse de partida na ponderación dos usos gráficos da tradición manuscrita profana e relixiosa, na consideración do peso das diversas escolas editoriais e mais no equilibrio entre estado de lingua e regularización gráfica. Por outro lado, os referentes da súa adecuación e capacidade representativas asentan na limitación imposta polo mantemento dos elementos fonolóxicos –isto é, por unha regularización, nivelación e simplificación gráfica (sen consecuencias fonolóxicas) (Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontaiña 2007: 11).

Os editores e organizadores do coloquio indican igualmente que este acordo, inicialmente galego, pretende estenderse a todos os ámbitos en que a lírica trobadoresca galego-portuguesa é estudada ou editada, razón pola cal as normas aparecen en seis linguas diversas: galego, portugués, italiano, español, francés e inglés.

E aínda que non podiamos deixar de facer referencia a esta proposta normativa para a edición da nosa lírica medieval, na realidade o obxecto da presente recensión é o volume *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, que presentaremos e valoraremos criticamente. Así, a citada obra, publicada no ano 2008, constitúe o segundo dos ‘fritos’ do coloquio, e inclúe igualmente en apéndice final as normas de edición, mais neste caso unicamente en galego e en inglés. As restantes páxinas están dedicadas a nove traballos, debidos a outros tantos especialistas galegos da nosa lírica medieval que, obviamente, tamén participaron no encontro e na consecución do acordo normativo.

Este tipo de obras colectivas que, aínda que dedicadas a unha materia xeral común, reúnen unha relativa cantidade de artigos, adoitan presentar tamén unha certa heteroxeneidade ou variedade canto ás metodoloxías e, en certa medida, no que di respecto ás temáticas. O presente volume non é desde logo unha excepción, e así podemos atopar estudos centrados en aspectos métricos, de edición, interpretativos, outros relacionados coa historia da lingua, ou mesmo algún que fai referencia á aplicación das novas tecnoloxías á edición dos nosos textos trobadorescos.

A primeira colaboración, debida a Mariña Arbor Aldea, é un traballo realmente útil para os editores da nosa poesía trobadoresca, xa que realiza unha metódica e sistematizada análise do problema das vogais orais en contacto entre palabras contiguas e das súas posibilidades articulatorias (sinalefa, dialefa, elisión). Para isto, parte da escasa bibliografía existente sobre este tema, nomeadamente da obra de Celso Ferreira da Cunha, *Estudos de Poética Trovadoresca. Versificação e Ecdótica*, e estuda as cincuenta primeiras cantigas que aparecen copiadas no *Cancioneiro da Ajuda*. Como vemos, mesmo non se tratando dun corpus moi amplo, a autora indica que a investigación aínda está en curso, mais, á espera dun futuro traballo que veña completar o presente, constátase o feito de os trobadores procuraren o isosilabismo, para o cal botaban man, cando era preciso, da dialefa e da elisión e, en menor medida, da sinalefa.

Igualmente interesante e valioso para os labores ecdóticos e críticos é o artigo de Manuel Ferreiro titulado “Edición e historia da lingua: Sobre a representación da nasalidade no trobadorismo profano galego-portugués e as formas *irmana* e afíns”, epígrafe xa abundantemente esclarecedor e explicativo dos contidos que inclúe este estudo. Baseándose no corpus completo das cantigas trobadorescas profanas, o profesor Ferreiro desenvolve unha pormenorizada análise de dous temas que foron obxecto de non poucas controversias desde o inicio dos estudos medievais galego-portugueses: o proceso de desnasalización acontecido no romance galego-portugués e, consecuentemente, a representación na nosa lírica trobadoresca desa nasalidade derivada da caída do -N- intervocálico latino, así como o mantemento de formas do tipo *irmana* ou *louçana* na cantiga de amigo, aspecto a respecto do cal Ferreiro conclúe que “a única interpretación posíbel é que se trata dun uso consciente (e coherente) por parte dalgúns trobadores que utilizan estas formas antigas como un

trazo máis de decoración arcaizante de teor estilístico (*ornatus* retórico) no xénero máis autóctono do noso trobadorismo” (p. 93).

Continuando cos traballos que seguen unha liña lingüístico-grafemática, temos de facer certas consideracións a respecto das colaboracións de Henrique Monteagudo e José António Souto Cabo. O primeiro deles procura no seu estudo unha descrición ou achegamento á denominada ‘ortografía alfonsí’, para o cal se fundamenta en traballos de especialistas como Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Maria Ana Ramos ou Manuel Pedro Ferreira, entre outros, sobre os manuscritos máis antigos da nosa tradición, isto é, o *Cancioneiro da Ajuda*, o *Pergamiño Vindel* e as *Cantigas de Santa María*. Partindo desta base, a metodoloxía empregada por Monteagudo é a análise dunha pequena mostra pertencente a cada un dos testemuños citados e o cotexo entre as súas conclusións e as previamente acadadas polos xa mencionados estudiosos. Na nosa opinión, trátase dun procedemento un tanto arriscado polas limitacións impostas –o autor analiza unicamente dez cantigas de *A* e tres do códice toledano das *Cantigas de Santa María*–, podéndose extraer resultados inexactos. Porén, o propio Monteagudo admite esta continxencia, e esclarece que a súa intención é a de salientar a relevancia da análise grafemática como máis un instrumento para o coñecemento da cultura escrita medieval, así como incitar ou promover novas investigacións nesta liña. Souto Cabo, pola súa parte, en “O texto das cantigas no quadro das prácticas escriturais do séc. XIII” insiste en dous puntos fundamentais. Por un lado, na importancia da ‘*scripta* notarial’ contemporánea ao fenómeno trobadoresco como medio para un mellor entendemento da lingua dos nosos textos poéticos, xa que a primeira constituiría o contexto que daría orixe á escrita trobadoresca, posibilitando así a comprensión –e, en consecuencia, a correcta edición– de certas cuestións de tipo gráfico da nosa lírica medieval. E por outro, considera que o estudo dos modelos de escrita existentes no século XIII no occidente peninsular coaduxerían para pór en claro certos aspectos aínda non suficientemente coñecidos da evolución da escola poética galego-portuguesa.

Son varios os estudos incluídos en *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* cuxo principal argumento é a interpretación textual. Este é o caso do traballo de Arias Freixedo, profesor da Universidade de Vigo, que reflexiona sobre os límites entre os ‘usos paradigmáticos’ dos xéneros profanos galego-portugueses e a ‘individualidade poética’ que, como el mesmo afirma, se deixa “sentir con forza en non poucos autores” (p. 40). A partir de aquí, analiza diversas pasaxes de cantigas pertencentes a Roi Queimado, Martin Codax, Roi Paez de Ribela ou Rui Fernandiz de Santiago coa finalidade de mostrar a importancia do ‘bo xuízo’ do editor ao ter inevitablemente que se mover entre os usos máis convencionais dos nosos trobadores e as variacións que introducían nas súas cantigas. Queremos destacar que son de grande utilidade para o lector as reproducións dos manuscritos incluídas tanto no corpo do artigo como ao final deste mais, en contrapartida, a redacción do traballo resulta por veces un tanto inconexa ou esquemática.

“Edición e interpretación” é o rótulo que encabeza a colaboración que neste volume realiza a profesora Laura Tato Fontaiña e que se insire igualmente na liña dos estudos de carácter editorial-interpretativo. Nas súas páxinas Tato Fontaiña evidencia, por medio dun rigoroso e axustado exame de diversos textos –pertencentes a trobadores tan xeniais como Johan Garcia de Guilhade, Pero da Ponte ou Pero Meendiz da Fonseca, entre outros–, as innegábeis e positivas repercusións que trae consigo, non só desde un punto de vista textual mais tamén estético, a correcta adecuación entre a edición dun texto e a súa interpretación e contextualización no tempo e lugar en que foi creado.

Aínda neste mesmo sentido, temos de nos referir a un par de artigos asinados por dúas profesoras da Universidade de Santiago de Compostela, Pilar Lorenzo Gradín e Elvira Fidalgo, que centran os seus estudos nas cantigas de escarnio e maldizer e nas composicións marianas, respectivamente. A primeira delas comeza valorando a edición das *Cantigas d’escarnho e de mal dizer* de Manuel Rodrigues Lapa, publicada hai máis de corenta anos, mais que continúa a ser o grande referente para falarmos da edición das cantigas satíricas galego-portuguesas. A pesar disto, somos conscientes da existencia de certos pasos nalgúns textos de escarnio que veñen sendo mal interpretados ou transmitidos erroneamente, razón que moveu a Pilar Lorenzo ao desenvolvemento deste estudo, onde pretende considerar eses textos “á luz dos principios metodolóxicos de carácter ecdótico que presiden a *constitutio textus*, en concreto a daqueles referidos ao coñecemento da gramática histórica, ao contexto, á *res metrica* e á propia presentación crítica do texto” (p. 120). En definitiva, á realización dunha edición e análise textual en virtude de todo aquilo que rodeou a composición da cantiga e a súa posterior transmisión.

E se até ao momento as investigacións aludidas versaban case exclusivamente sobre a lírica profana, topamos agora co traballo de Elvira Fidalgo, baseado na lírica relixiosa, e de modo máis preciso nas composicións de loor das *Cantigas de Santa María* do Rei Sabio. A profesora Fidalgo recoñece as vantaxes de se dedicar ao estudo das cantigas marianas, polo coidado con que foron copiados os catro códices que as transmitiron, mais non por isto a edición destes textos está exenta de complicacións. Deste modo, examina certos problemas, reparando sobre todo en cuestións métricas e gráficas, e establecendo un confronto entre as súas propias opcións e a meritoria edición de Walter Mettmann. Estamos, na nosa opinión, perante un traballo que enuncia aspectos de grande interese a respecto da lírica relixiosa galego-portuguesa, mais quizais as conclusións a que chega a investigadora non aparecen o suficientemente xustificadas ou razoadas por se limitar en ocasións a referir os seus propios criterios persoais a respecto dos asuntos tratados.

E fica finalmente unha outra colaboración debida a Mercedes Brea, “Edición impresa e edición electrónica, ferramentas complementarias”, onde se describe

a presenza actual da literatura románica na internet e as vantaxes que ofrece ao investigador. Tamén, para o caso galego-portugués, alude ás edicións ‘impresas’ que foron aparecendo ao longo do século XX e que fornecen á nosa literatura medieval duns textos críticos de referencia. A seguir a autora considera as ferramentas lingüísticas con que até ao momento contaba a nosa literatura medieval, como as bases de datos *BiRMED* ou *BILEGA*, desenvolvidas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP), ou *PhiloBiblon*, un proxecto dirixido por Charles B. Faulhaber desde a Universidade de Berkeley. A segunda parte deste relatorio ocúpase da descrición da nova base de datos que o CIRP levaba anos a desenvolver –xa foi presentada a finais do pasado ano 2008– e que permite ao investigador cotexar a edición coa transcripción paleográfica dos manuscritos ou, por pór un exemplo, interrogar os textos a respecto de aspectos métricos, temáticos etc. Esta renovada ferramenta irá acompañada, tal e como anuncia Mercedes Brea, da edición impresa do *Cancioneiro de xograres galegos*, e tanto unha como outra constituirán sen dúbida unha axuda imprescindible para o investigador na lírica medieval galego-portuguesa.

Téndomos presentes as valoracións que realizamos nestas páxinas non podemos máis que considerar *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* como un conxunto de estudos que, en palabras dos seus editores –Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña–, “son unha mostra evidente de que, naquelas terras en que hai uns oito séculos se desenvolveu unha das máis relevantes escritas trobadorescas europeas, se continúa o labor de investigación e recuperación deste patrimonio literario-cultural de carácter universal” (p. 7).

Leticia Eirín García
Universidade da Coruña

Referencias bibliográficas

Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontaiña, L. (eds.) (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa* (A Coruña: Universidade da Coruña).

Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontaiña, L. (eds.) (2008): *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* (A Coruña: Baía Edicións).